

Criterios de Avaliación

A avaliación será:

- Continua, xa que, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo.
- Formativa, polo que será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

Comprensión oral (Listening): 10%

Comprensión lectora (Reading): 20%

Producción oral (Speaking): 10%

Producción escrita (Writing): 20%

Use of English (Vocabulary & Grammar): 40%

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

No segundo trimestre, preferiblemente, haberá unha proba escrita sobre o libro de lectura obrigatorio, que estará valorado no apartado de comprensión escrita (Reading) e produción escrita (Writing) cun 15%.

Todas as cualificacións redondearanse á seguinte cifra a partir de 0.5.

A materia de Inglés é de avaliación continua; cada avaliación, xa que logo, incluíra toda a materia dada anteriormente, facendo fincapé nos contidos propios de cada trimestre. Polo tanto, non se realizarán probas de recuperación ao longo do curso, agás na terceira avaliación. Cada avaliación nova suporá, a efectos prácticos, unha recuperación da anterior. Unha cualificación negativa no primeiro ou no segundo trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres.

Para o cálculo final da nota, terase en conta o peso de cada avaliación (20%, 30% e 50%), sendo un 5 a nota máxima dunha avaliación recuperada mediante o aprobado da seguinte avaliación.

Criterios de recuperación

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Para o alumnado que non teña aprobado o curso tras facer a media ponderada das tres avaliacións, haberá unha derradeira proba de recuperación global antes do remate do terceiro trimestre. A devandita proba constará unicamente dos seguintes apartados: vocabulario e gramática, reading e writing.

COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 75%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 25%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.